

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.**ASUNTO: CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN, LABORAL TEMPORAL, POLO SISTEMA DE CONCURSO DUN SOCORRISTA A XORNADA COMPLETA, PARA A REALIZACIÓN DO SERVIZO DE SOCORRISMO DA PISCINA MUNICIPAL DO CONCELLO DE SOBRADO NO ANO 2019.****EXPEDIENTE: 2019/G003/000187.**

O 13.05.2019, a Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Economía, Emprego e Industria, dita Resolución pola que se autoriza a contratación, por un período de 2 meses, dun socorrista, para a realización do servizo denominado Servizo de socorrismo da piscina municipal do Concello de Sobrado, con data límite de contratación o día 1 de xullo de 2019.

O Concello de Sobrado aprobou o expediente para a xeración do crédito preciso para asumir o custo desta contratación contra as aplicacións orzamentarias 340.131.00 e 340.160.00.

Existe a necesidade urxente e inaprazable (polas datas fixadas na Resolución da concesión da subvención e pola necesidade de dito servizo), para a realización de traballos relacionados có Servizo de socorrismo da piscina municipal, e estando subvencionado ao 100 % pola Consellería de Economía, Emprego e Industria (Xunta de Galicia) os custes salariais de contratación de persoal laboral temporal, dun socorrista a xornada completa, con contrato de duración determinada, por obra ou servizo, de interés social, e así garantizando desta maneira a prestación do Servizo de socorrismo da piscina municipal neste concello.

O 03.06.2019, a secretaria interventora, formulou reparo as bases por existir un procedemento de selección que non é acorde coa normativa aplicable. O dito reparo comporta a suspensión do procedemento co que é preciso levantalo antes da aprobación da bases.

Por todo o anterior, de conformidade co disposto no art. 215 a 217 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei de facendas locais, e no uso das atribucións que me outorga o artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: Levantar o reparo formulado pola secretaria interventora por ser a contratación do persoal unha necesidade urxente e inaprazable que non compromete as contas do concello o estar subvencionada íntegramente.

SEGUNDO: Aprobar as bases das probas selectivas para a selección como persoal laboral temporal, dun socorrista a xornada completa, para a realización do Servizo de socorrismo da piscina municipal do Concello de Sobrado, que figuran como anexo neste Decreto.

TERCEIRO: Convocar o proceso de selección como persoal laboral temporal, dun socorrista a xornada completa, para a realización do Servizo de socorrismo da piscina municipal do Concello de Sobrado.

CUARTO: Remitir oferta de emprego á Oficina de Emprego do SPE de Melide aos efectos oportunos; publicar no taboleiro de anuncios do Concello de Sobrado e na páxina web do concello (www.sobrado.es) o anuncio indicativo deste procedemento de selección e máis as bases do proceso.

Sobrado, asinado electrónicamente polo alcalde en funcións, Luis Lisardo Santos Ares, e a secretaria, Elena González López, na data que figura na marxe deste documento

BASES DA CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN, LABORAL TEMPORAL, POLO SISTEMA DE CONCURSO DUN SOCORRISTA A XORNADA COMPLETA, PARA A REALIZACIÓN DO SERVIZO DE SOCORRISMO DA PISCINA MUNICIPAL DO CONCELLO DE SOBRADO NO ANO 2019.

Primeira.- Obxecto da convocatoria.

O obxecto da presente convocatoria é a contratación laboral temporal, por contrato de obra ou servizo determinado, mediante concurso, dun/ha socorrista para o servizo de socorrismo da piscina municipal do Concello de Sobrado, para realizar os traballos que figuran descritos na memoria que acompañou á solicitude de subvención ao abeiro da Orde do 12 de decembro de 2018 da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais para o exercicio 2019 (DOG nº 6 do 9 de xaneiro de 2019).

Esta contratación será a xornada completa, por modalidade contractual, de contrato de obra ou servizo, de duración determinada de interese social, e terá un período de duración de dous meses (Resolución de data 13/05/2019, de outorgamento de subvención pola Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria).

O contrato de duración determinada de interese social, rexerá polo establecido no contrato, sendo as retribucións mensuais brutas de 1.430,00 € ao mes, estando a paga extra xa prorrateada.

Segunda.- Requisitos dos/as aspirantes.

a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo de ter outra nacionalidade que lle permita o acceso ao emprego público, conforme aos art. 56 e 57 do TREBEP e ao art. 52 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia.

b) Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que aspira, sen que se padeza enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto. A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación. Os aspirantes con discapacidade farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas.

d) Non estar incurso/a nos supostos de incompatibilidades previstas na lexislación

vixente.

e) Os anteriores requisitos, deberanse posuír con referencia durante o proceso selectivo e mantelos ata o día da contratación se é o caso.

f) Será nulo o nomeamento dos que estean incursos en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

g) Acreditación da inscrición definitiva ou provisional no Rexistro Profesional de Socorristas de Galicia e deberá presentar acreditación da cualificación profesional de socorrismo en instalacións acuáticas e as titulacións que cumpran cos requisitos de inscrición no rexistro, reflectidos no Decreto 35/2017, do 30 de marzo, polo que se modifica o Decreto 104/2012, de 16 de marzo. No seu defecto, acreditación da presentación de solicitude de dita inscrición e documentación complementaria no organismo correspondente da Xunta de Galicia.

Serán **requisitos específicos** en aplicación do disposto no artigo 56.3 do texto refundido do estatuto básico da lei do emprego público Real decreto legislativo 5/2015, os seguintes:

A) Ser persoa desempregada inscrita no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupado e estar dispoñible para o emprego. Este requisito deberá cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social.

B) Non ter sido contratado por un período igual ou superior a seis meses, con cargo ás axudas concedidas no ano 2018 pola Consellería de Economía, Emprego e Industria no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas.

C) Requisito específico de posuír algunha das seguintes formacións, en aplicación do disposto no art. 6 do Decreto 104/2012, do 16 de marzo e modificado polo decreto 35/2017, de 30 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro profesional de socorristas acuáticos de Galicia.

Deberá indicar que titulación é usada como requisito da convocatoria e cal é usada na fase de concurso, sen prexuízo do disposto na disposición transitoria única do Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia, tendo en conta a modificación introducida polo decreto 35/2017, de 30 de marzo, na súa disposición transitoria única sobre prórroga do prazo de inscrición provisional.

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR XUNTO COA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN; NON OBRIGATORIA ACREDITACIÓN DO COÑECEMENTO DO GALEGO.

De presentar esta documentación os/as aspirantes que esten en posesión do Celga 2 ou equivalente estarán exentos da realización de proba oral de acreditación do coñecemento do galego.

De non acreditarse o coñecemento do galego por non presentar méritos neste apartado será obrigatoria a realización dun exercicio-entrevista na data fixada polo

Tribunal: Exercicio do coñecemento de galego, de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá nunha proba oral a realizar nun tempo máximo de dez minutos. O exercicio será cualificado de apto ou non apto.

Terceira.- Presentación de solicitudes e proceso de selección: Concurso.

O Concello de Sobrado dará publicidade á convocatoria e as bases de selección por anuncios no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web (www.sobrado.es), e presentará a correspondente oferta de emprego ante a Oficina de Emprego de Melide, facendo referencia aos requisitos que deben reunir o/a traballador/a a contratar conforme da anterior base segunda.

O Servizo Público de Emprego realizará unha sondaxe de demandantes, tendo en conta que non poden repetir aqueles que se contratasen por un período igual ou superior a seis meses, con cargo ás axudas concedidas no ano 2018 pola Consellería de Economía, Emprego e Industria no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas, e aportará alomenos 2 candidatos e non máis de 10, remitindo novos candidatos se o Concello xustifica o incumprimento dos requisitos da oferta ou rexeitamento voluntario ou incomparecencia dos remitidos, tendo en conta que terán preferencia en todo caso os colectivos sinalados na citada orde, na que se establecen os criterios de prioridade entre colectivos para a realización da selección do/a traballador/a desempregado/a, que será contratado/a a través dos programas de fomento do emprego para o ano 2019:

- A) Mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia.
- B) Menores de 30 anos, en especial, as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.
- C) Persoas paradas de longa duración.
- D) Persoas con discapacidade.
- E) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.
- F) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.
- G) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente beneficiarios/as da renda de integración social de Galicia.

Así mesmo, terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, enténdose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe ou parella de feito, fillos e fillas menores de 26 anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.

Os/as aspirantes presentarán instancia (Anexo II) dirixida ó Sr. Alcalde no Rexistro Xeral do Concello de Sobrado de 9:00 a 14:00 horas, dentro do prazo de **tres días hábiles** que se contarán dende o día seguinte a aquel no que se comunique os/as candidatos/as que o seu currículo foi enviado pola oficina de emprego. Na instancia farase constar que reunen todos e cada un dos requisitos esixidos nestas bases acompañando:

- Fotocopia do DNI.
- Acreditación da inscrición definitiva ou provisional no Rexistro Profesional de Socorristas de Galicia.
- Copia do título ou declaración ou certificado de estar en condición de obtelo título esixido nas bases para a praza antes da sinatura do correspondente

contrato, e deberá indicar que titulación é usada como requisito da convocatoria e, no seu caso, cal é usada na fase de concurso (valoración).

- Toda a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos de participación contados na cláusula segunda destas bases.
- A relación dos méritos que aleguen, nomeados segundo a orde establecida no apartado de méritos.

A dita relación acompañaranse os documentos xustificativos dos mesmos:

- Antigüedad como demandante de emprego será acreditada por medio do informe do SPE.

- Cursos de formación relacionados coas funcións do posto de traballo, mediante copia do correspondente título ou diploma.

Non serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en todos os seus extremos, dentro do prazo de presentación de instancias.

A documentación presentada deberá ir acompañada pola solicitude que aos interesados se lles facilitará no rexistro do Concello.

Serán publicadas no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello, as listas de admitidos e excluídos coa motivación da exclusión, elevándose a definitiva a lista provisional de admitidos de non existir excluídos e outorgando dous días hábiles aos excluídos, no seu caso, para alegacións sendo necesaria á aprobación da lista definitiva. Nesta lista definitiva figurará a composición do Tribunal cualificador.

Trala lista provisional elevada a definitiva ou lista definitiva de admitidos O Tribunal cualificador procederá á valoración dos méritos do/s aspirante/s.

En ningún caso serán valorados aqueles méritos que non fosen alegados e xustificados debidamente no momento de finalizar o prazo de presentación de instancias, nin aqueles documentos que non conteñan os datos que segundo as presentes bases sexan necesarios para valorar os méritos a que se refiren.

Cuarta.- Tribunal cualificador e actuación de valoración dos méritos aportados polos/as aspirantes no concurso.

O Tribunal cualificador deste concurso, será designado polo Alcalde-Presidente do Concello de Sobrado.

O Tribunal non poderá constituirse sen a asistencia de polo menos tres membros, sendo preciso, en todo caso, a asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a.

A cualificación dos méritos para o concurso realizarase polo Tribunal, axustándose ós criterios que establece o Anexo I destas bases, que publicará no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello coa relación de aspirantes presentados/as coas puntuacións obtidas. Tras a valoración do Tribunal, éste elevará ó Alcalde-Presidente, a correspondente proposta de contratación, a favor do/a candidato/a que obtivera a maior puntuación total.

En caso de empate, aplicaranse por orde os criterios de preferencia recollidos na Orde do 12/12/2018, publicada no DOG nº 6 de data 09/01/2019 pola que se establecen os criterios de prioridade entre colectivos para a realización da selección do/a traballador/a desempregado/a que será contratado/a a través dos programas de fomento do emprego e mellora da empregabilidade para o ano 2019.

Se algún dos/as candidatos/as inicialmente proposto renunciase á contratación ou non poidese acreditar os requisitos necesarios e a documentación orixinal das copias presentadas, a proposta de contratación do Tribunal Cualificador sería a favor do seguinte con maior puntuación total.

Quinta.- Formalización e duración do contrato.

O contrato formalizarase a requerimento da Administración, previa presentación polo/a aspirante seleccionado/a, no prazo de tres días hábiles, da seguinte documentación:

A) Certificado médico oficial, acreditativo de non padecer enfermidade ou minusvalía que impida exercer-la función propia a desenvolver.

B) Declaración xurada de non estar incurso en incompatibilidade para ser persoal da/s Administracións Públicas, e non ter sido separado do servizo público.

C) Documentación orixinal presentada segundo a base terceira para o seu cotexo.

A duración do contrato será de dous meses dende a data de formalización do contrato.

Sexta.- Incidencias.

O Tribunal cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten, e adopta-los acordos necesarios para o bo funcionamento do concurso en todo o non previsto nestas Bases.

Sétima. Dereito supletorio.

No non previsto nestas bases estarase ó disposto na lexislación laboral vixente que resulte de aplicación e, especialmente, ó disposto no Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro, e na Lei 63/1997, de 26 de decembro, de Medidas Urxentes para a Mellora do Mercado de Traballo e o Fomento da Contratación Indefinida, e demais lexislación concordante en materia laboral, así como normativa administrativa Texto refundido da lei do estatuto básico do emprego público e demais normativa administrativa básica e de desenvolvemento aplicable en materia de selección de persoal ó servizo das administracións públicas.

Oitava. Norma final.

A presente convocatoria, as súas bases e tódolos actos administrativos que da mesma se deriven e das actuacións do Tribunal, poderanse impugnar no caso e na forma dispostos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

ANEXO I

A) Baremo de méritos para valorar o concurso de socorrista.

1) Por antigüidade como demante de emprego (puntuación máxima 2 puntos):

- De 0 a menos de 12 meses de demandante: 1 punto.

- De 12 a 24 meses de demandante: 1,5 puntos.
- De máis de 24 meses de demandante: 2 puntos.

Acreditación por medio do correspondente informe do SPE.

2) Formación (puntuación máxima 3 puntos):

Valoraranse os cursos homologados de formación e perfeccionamento seguintes recibidos relacionados coas funcións a desenvolver (non valorando seminarios, congresos, xornadas, módulos, etc que non sexan cursos). A puntuación efectuarase en función da duración da formación conforme á seguinte escala:

- Cursos de menos de 20 horas: 0,10 puntos por curso.
- Cursos de 20 a 40 horas: 0,30 puntos por curso.
- Cursos de máis de 40 horas: 0,50 puntos por curso.

Os méritos deste apartado presentaranse por acreditación mediante copias dos correspondentes títulos ou diplomas, debendo indicar qué titulación é usada como requisito de convocatoria e cal é usada como baremo de méritos.

ANEXO II

MODELO DE INSTANCIA.

D./Dña....., con D.N.I.
número..... e domicilio a efectos de notificacións e comunicación
en.....
CP:..... localidade.....teléfono nº.....

EXPÓN:

I.- Que ten coñecemento da convocatoria publicada e bases para a selección dun Socorrista a xornada completa para o Servizo de Socorrismo da Piscina Municipal de Sobrado, como persoal laboral temporal non permanente do Concello de Sobrado polo Servizo Público de Emprego.

II.- Que está en posesión de todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases de selección, que coñezo e acepto expresamente.
Polo exposto,

SOLICITO:

Ser admitido/a ao correspondente proceso selectivo, aportando a estes efectos a seguinte documentación que se achega.

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA:

- **Fotocopia do Documento Nacional de Identidade**
-
-
-
-
-
-
-
-
-

Sobrado, a de de 2019.

Asdo.:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SOBRADO.